

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA 16/09/2024  
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

SONIA OUTÓN CASAL

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

PAOLA MARIA MOCHALES

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 16/09/2024 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 09-sep-2024, que se aprobou por unanimidade.

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTOR**

MANUEL FRANCO LEIS

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2024/3086**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Angeles Triviño Núñez de queixas sobre o uso indiscriminado da pirotecnia nos períodos de festas no Concello que van de maio a outubro, solicitando que se limite o uso a datas e horas concretas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que o equipo de goberno porase en contacto coas distintas Comisións de Festas, para tratar este tema.

**PRP2024/3263**

Dáse conta do escrito presentado por Asociación Familiares de Enfermos con Alzheimer AFASAL, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o 20 de setembro de 2024, coa colocación dunha mesa informativa.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2024/3374**

Dáse conta de solicitude de Juan Carlos Cores Fresco para autorizar a celebración dun concerto de rock en vivo na rúa Méndez Núñez o día 14 de setembro de 20.30 a 22.30 horas.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora, facendo constar que a celebración do concerto levarase a cabo en O Castro.

#### **PRP2024/3389**

Dáse conta do escrito presentado por Correos Sociedad Estatal y Telégrafos SA, solicitando o repintado da sinalización horizontal de reserva de espazo en vía pública e vado permanente da oficina de correos situada na rúa Ramón Otero Pedrayo.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o repintado da citada sinalización horizontal, fixando o horario de 07 a 22 horas.

Dar conta á Policía Local e ao servizo de sinalización (Álvaro Rubianes).

#### **PRP2024/3390**

Visto o informe da Policía Local en relación co escrito presentado por Dona Carolina del Valle Davila, no que se indica que efectivamente na intersección da rúa Carrizo con Rúa Blanco Amor, precisa dun espello, xa que a visibilidade é moi reducida, ao existir estacionamento en liña no mesmo marxe da intersección e tratarse a rúa Blanco Amor dunha vía de dobre sentido cun ancho practicable moi reducido.

Tendo en conta o anterior a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación por parte do Concello dun espello na situación indicada.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras (Servizo de Sinalización - Alvaro Rubianes).

#### **PRP2024/3391**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Alejandra Doldan Candamio solicitando cambio de sentido de circulación da Travesía Gelmírez, a Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda non acceder ao solicitado xa que dito cambio de sentido sería un problema para os veciños da rúa Arcebispo Gelmírez, que na actualidade poden circular co sentido establecido na Travesía Arcebispo Gelmírez, sen ter que sufrir as retencións que se producen na rúa San Roque.

#### **PRP2024/3394**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Nuria González Núñez, solicitando adopción de medidas para reducir a velocidade na rúa do Pazo en Rubiáns, xa que a pesar de que a vía está sinalizada verticalmente con velocidade máxima de 30 Km/hora, algúns vehículos circulan a gran velocidade.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se estudiará no plan de implantación de reductores de velocidade en Vías Municipais.

**PRP2024/3420**

Na rúa Quinteiro, en A Laxe, os propietarios da vivendas dos números 21 e 24 solicitaron ao Concello conectarse á rede municipal de saneamento, xa que na actualidade non contan coa prestación deste servizo.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto do subministro dos materiais necesarios para a construción das dúas acometidas de saneamento por parte do persoal do Servizo de Vías Públicas, por un importe total de 1.250,06€ con cargo á partida 160-210, coa seguinte desagregación:

DENOMINACIÓN FISCAL DA EMPRESA	CIF/NIF	IMPORTE TOTAL IVE INCLUIDO
ARIDOS DEL UMIA, S.A.U	A36002558	307,13€
RAMON MANEIRO CADILLO-COMERCIAL MANEIRO	35437362C	353,66€
PROCESOS DE FUNDICION S.L.	B36430734	296,45€
TRITURADOS DO SAIAR S.L.	B36435170	292,82€
IMPORTE TOTAL		1.250,06€

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2024/3459**

Vista a proposta do Enxeñeiro Informático, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Tembra Instalaciones Eléctricas, S.L. para instalación dun cableado de rede no pavillón nº2 do complexo deportivo de Fontecarmoa, por un importe total de 3.529,25€ (IVE incluído), con cargo á partida 342-62300.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2024/3460**

Visto o proxecto de actividades físico-recreativas para adultos tempada 2024-2025, propoñendo á Xunta de Goberno Local o prezo público para os cursos de programa activo maior, pilates, estiramientos, que non figuran como tal no acordo regulador nºIII.5 polo que, tal como establece o artigo 13, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar un prezo público de 18,00 €/curso por participante, como cota de inscrición, conforme ao Acordo Regulador do citado prezo público nº 17 en vigor.

**PRP2024/3465**

Dáse conta da comunicación da FEGAMP, de publicación da licitación do contrato centralizado para servizos postais e teléfonos. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2024/3466**

Dáse conta do informe da Policía Local en relación ao escrito presentado por D. Alberto José Barreras Díaz, solicitando aclaración sobre a conducta do Policía Local que o atendeu telefónicamente o pasado 5 de agosto. A Xunta de Goberno Local queda sabedora, que por parte do Policía se procedeu a comunicar o problema ao Oficial do Servizo, coa finalidade de que se acudira á Rúa A Baldosa, e poder continuar coa atención presencial e telefonica na oficina.

**PRP2024/3468**

Dáse conta do extracto da orde do 9 de agosto de 2024, pola que se regulan as bases que rexeran o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidad da atención educativa

das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal, para o curso 2024-2025, dende o 1 de setembro de 2024 ao 31 de xullo de 2025.

Liña 1, referida a axudas para gastos de mantemento que compensa os gastos de persoal, alimentación e outros gastos xerais do centro.

Liña 2, destinada a compensar ás entidades beneficiarias titulares destes centros pola aplicación dunha bonificación do 100% do prezo correspondente á atención educativa e de matrícula, no seu caso, de nenos e nenas que asisten a ditos centros.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2024/3473**

Dáse conta da sentenza do Xdo. de 1ª Instancia e Instrución nº1 de Vilagarcía de Arousa, sobre reclamación de cantidade, demandante Gesico Compra de Impagados, S.L., pola que se condena ao Concello de Vilagarcía de Arousa a aboar á actora a cantidade de 6,76€, máis os xuros legais, derivado do pago das obras de "Reforma de Graderío de preferencia do Campo de Fútbol de A Lomba".

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2024/3515**

Dáse conta do escrito presentado por Asociación Arousa Moza, solicitando autorización para celebrar a Andaina e I Carreira Solidaria por Ucraia, o vindeiro sábado 21 de setembro, indicando as seguintes necesidades:

- Autorización para uso da Praza da II República dende as 15:00 ata as 23.30H.
- Peche ao tráfico de toda a estrada que rodea o Miguel Hernández, Casa do Mar e auditorio dende as 19:00 ata as 00:00h.
- Aparcamentos sen coches dende a farmacia da Avda. da Mariña ao Kebab de dita avenida.
- Ambulancia do Servizo de Emerxencias de 22:00 a 00:00h.
- 50 conos para delimitar o espazo de carreira
- 8 carpas, 16 mesas e 30 cadeiras
- 2 contenedores na explanada do auditorio e outros 2 entre o Centenario e o Cavadelo (zona de avituallamento)

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar o percorrido indicado e a colaboración polos distintos Departamentos municipais.

## **BENESTAR SOCIAL**

### **EMPREGO**

#### **PRP2024/3457**

Dáse conta da resolución de ampliación da subvención do Obradoiro de Emprego LABORA XOVE 2023 polo incremento do SMI en 2024 que afectan aos salarios dos alumnos/as traballadores/as. Con data de 3/08/2023 a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, concedeulle ó Concello de Vilagarcía unha axuda por importe de 424.836,96€ para a realización do proxecto O.E. LABORA XOVE 2023.

Esta nova Resolución determina o incremento da subvención concedida, en concepto de subvención dos gastos salariais dos alumnos traballadores en 10.388,80€ e coa finalidade de facer fronte ao incremento do SMI dos alumnos/as traballadores/as, dende o 1 de xaneiro de 2024.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2024/3443**

Dáse conta da publicación no BOE de 5 de agosto de 2024, da resolución aprobada pola Comisión Mixta para as relacións co Tribunal de Contas, en relación co informe de fiscalización dos planes antifraude aprobados polas entidades locais que participen na execución das medidas do plan de recuperación transformación e resiliencia.

Na resolución publicada, a Comisión asume o contido e conclusións do informe de fiscalización dos planes antifraude aprobados polas entidades locais que adquirisen a condición de entidade executora durante o primeiro semestre dende a entrada en vigor da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, e dicir, entre o 1 de outubro de 2021 e 31 de marzo de 2022, entidades entre as que se inclúe o Concello de Vilagarcía.

A resolución insta ao Goberno, CCAA e as Entidades Locais a adoptar medidas para reforzar as actuacións de prevención do fraude e inclúe recomendacións, en relación con cada un dos apartados avaliados dos diferentes planes de fraude aprobados polas EELL.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora da publicación da resolución indicada, que queda incorporada ao expediente de referencia.

### **PRP2024/3387**

Na data 19 de decembro de 2023 tivo lugar a Comisión de Seguimento do Convenio de Colaboración a Agencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e a Federación Galega de Municipios e Provincias, na devandita comisión propúxose o mantemento da consideración como aula de referencia a aula CEMIT do Concello de Vilagarcía para o ano 2024, coas consecuencias inherentes a tal condición.

O 7 de marzo de 2024 o Consello da Xunta autorizou a subvención a 57 entidades locais das que constaba a rendición de contas o 16 de xaneiro de 2024, quedando 4 entidades locais sen render contas, atopándose entre elas o Concello de Vilagarcía.

O 3 de xuño de 2024 consta a rendición de contas correspondente para o 2022 para 3 entidades locais que actualmente contan con aula de referencia para 2024, entre elas o Concello de Vilagarcía. Según o anteriormente exposto, concédese o Concello de Vilagarcía unha subvención de 15.000€ para o desenvolvemento das actuacións que se realicen en materia de inclusión dixital na aula de referencia CEMIT do concello, na anualidade 2024.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2024/3402**

A Concellería de Promoción Económica continúa a posta en marcha dos Planes de Formación con compromiso de contratación en colaboración con empresas referentes do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Os resultados acadados nas devanditas edicións, foron satisfactorios tanto para as empresas como para as persoas, que, logo da mellora da súa cualificación profesional a través da formación recibida, se incorporaron á plantilla da empresa.

O PROGRAMA DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN fórmulase como unha das iniciativas máis prometedoras para favorecer a inserción laboral e creación de emprego de calidade, en colaboración coas empresas referentes no Concello, en cada un dos sectores económicos.

O programa materializarase na contratación da formación específica con unha empresa especializada na formación para a mellora da empregabilidade e a sinatura dun convenio con aquelas empresas que amosen a súa disposición para participar na iniciativa.

Nesta cuarta edición, a empresa colaboradora será de novo FUNDIVISA S.A, asinando un

compromiso de contratación dun mínimo de alumnos participantes nas accións formativas, a xornada completa, en calquera das modalidades contractuais vixentes, sen que de dito compromiso derive custo algún para o Concello de Vilagarcía.

O obxecto do contrato é a contratación das devanditas accións formativas cunha empresa de formación con experiencia na impartición das materias requiridas polo perfil profesional mediante un contrato de servizos.

Logo da sinatura dun convenio, a empresa colaboradora comprométese á contratación de alomenos o 30% dos alumnos participantes na formación, así como a poñer a disposición do Concello e da empresa encargada da formación, as instalacións precisas para a impartición das accións formativas.

Visto o que antecede A Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o orzamento presentado por QUICK UP FORMACIÓN Y DESARROLLO S.L. CIF B27878586, por un importe de 14.600,00 € para a acción formativa sinalada, con cargo á partida orzamentaria 241-22799

- Aprobar a sinatura do Convenio coa empresa colaboradora FUNDIVISA SA.

Con carácter previo ao inicio das accións formativas, a empresa adxudicataria, deberá remitir ao Concello copia da póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil, que cubra tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento do curso como os do traxecto en concepto de desprazamento ao lugar de desenvolvemento das clases e das prácticas.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2024/3506**

O desenvolvemento dos investimentos e das obras de reforma levadas a cabo nos últimos meses na praza de abastos de Vilaxoán, foi preciso trasaladar a ubicación das vendedoras a outro local, a 100 metros da praza de abastos.

Por este motivo, solicitouse á empresa BAÑOS PRINT S.L., orzamento para adquisición dunha lona con información sobre o emprazamento temporal das vendedoras e vendedores.

O orzamento facilitado pola empresa ascende a 133,10 € IVE incluído.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto de adquisición e instalación dunha lona informativa sobre a ubicación provisional do mercado á empresa BAÑOS PRINT S.L. CIF B 36.252.872, por contía de 133,10 € IVE incluído, con cargo á partida 4312.22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

#### **PRP2024/3427**

Durante este verán leváronse a cabo unha serie de obras de acondicionamento na 1ª planta da EEI Aralde – Sobrán, por parte de operarios municipais.

Unha das actuacións realizadas trátase dunha reforma no aseo da planta superior, acción que supón a necesidade dunha limpeza especial para que o espazo estea preparado para o comezo das clases.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa CLECE SA para a prestación dun servizo de limpeza especial na 1ª planta da EEI Aralde

- Sobrán, por un importe total de 232,91 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.22700.  
Lémbrase ao proveedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### PRP2024/3432

Dáse conta do informe da Directora do Conservatorio Profesional de Música, no que se indica:

Primeiro.- Que logo da finalización das actividades correspondentes, compre proceder á xustificación da subvención do Plan + Provincia 2024 relativa aos GASTOS DERIVADOS DA CELEBRACIÓN DO VII FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA CLASCLAS 2024, segundo Acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de data 18/03/2024 (acordo 9.33502) polo importe de 30.000,00 € cun orzamento de 30.000,00 € e ao abeiro das BASES REGULADORAS DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN + PROVINCIA ) 2024, liña 2, “Gasto derivado da programación cultural, deportiva e social do Concello”.

Segundo.- Que, sobre o orzamento remitido á Deputación provincial, polo importe de 30.000,00 € remítese a seguinte documentación xustificativa:

1. Conta xustificativa do gasto realizado polo importe total de 30.888,00 € desagregado nos seguintes conceptos

Partida orzamentaria	Concepto	Importe orzamento	Importe xustificado
Gastos de actividades culturais	Cachés, exclusivamente cachés	30.000,00 €	30.888,00 €
TOTAL		30.000,00 €	30.888,00 €

2. Memoria descritiva e detallada dos gastos e/ou actividades realizadas.
3. Facturas polo importe de 30.888,00 € segundo o disposto no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento que regula as obrigas de facturación.
4. Certificación do acordo de aprobación pola Xunta de Goberno Local das facturas remitidas
5. Certificación dos acordos de autorización e disposición de gasto.
6. Certificación da Secretaria do Concello en relación á toma de coñecemento desta subvención polo Pleno da Corporación.

Terceiro.- Ademais da documentación sinalada no apartado segundo de este informe, a xustificación da subvención inclúe a seguinte documentación:

1. Certificado expedido pola Secretaria Xeral segundo o estipulado nas bases da convocatoria.
2. Documentación relativa á difusión da subvención concedida
3. Informe da Directora do Festival sobre a difusión realizada da subvención concedida

Por todo o anteriormente exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a Conta Xustificativa correspondente á subvención concedida a este Concello pola Deputación Provincial para os GASTOS DERIVADOS DA CELEBRACIÓN DO VII FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA CLASCLAS 2024 polo importe total de 30.888,00 € sendo o importe concedido e o orzamento presentado de 30.000,00 € ao abeiro das BASES REGULADORAS DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN + PROVINCIA ) 2024, liña 2, “Gasto derivado da programación cultural, deportiva e social do Concello”.

Segundo.- Autorizar a remisión da documentación correspondente sinalada nos apartados segundo e terceiro deste informe para á xustificación de dita subvención perante a Deputación Provincial.

## **MULLER E PERSOAS MAIORES**

### **PRP2024/3452**

Na Xunta de Goberno do 10 de xullo de 2024 (PRP 2024/2712) aprobouse a ampliación da partida de imprevistos en 500 euros, dentro do orzamento da XXVIII ROMARÍA DAS PERSOAS MAIORES. Nesta ampliación foron recompilándose as facturas e os vales dos gastos que se fixeron despois da aprobación do orzamento inicial (aprobado en XGL de 20 de maio de 2024 - PRP 2024/1934), pero non se tivo en conta as plantas que o servizo de Xardíns utilizou para a decoración da actividade.

O día 24/07/2024, o provedor TROQUIÑA, S.L. (CIF B36268217) con domicilio fiscal en Camiño de Abaixo, nº 21, 36613 – Trabanca Badiña, presentou factura electrónica con número de factura A 24216 e rexistro na plataforma núm. 2024/5064 polo subministro das plantas por importe de 228,86.-€ (ive engadido).

Vista a proposta da Área de Persoas Mairiores en relación co desenvolvemento da XXVIII Romaría das Persoas Mairiores 2024, a Xunta de Goberno Local acorda convalidar o gasto e o recoñecemento de obriga da factura A24216, por importe de 228,86 €, emitida por TROQUIÑA SL, con cargo á partida 2313.22610.

### **PRP2024/3455**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Inmaculada Alonso Rodríguez, en representación de Asociación de Familias Monomarentais de Galicia (FAGAMOS), solicitando autorización para realización dunha campaña informativa "Moito que facer !!!" así como a colaboración municipal coa cesión dunha carpa, dúas mesas, 15 ou 20 cadeiras, unha pantalla de Tv e conexión a un punto de luz, o día 24 de setembro de 2024.

Vista a proposta da Área de Igualdade e o informe da Policía Local acordase acceder conceder autorización para a realización da actividade na Praza de Galicia e con respecto aos medios solicitados, segundo dispoñibilidade, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

## **CULTURA**

### **PRP2024/3429**

Con data de 10 de xullo de 2024 recibimos a través da plataforma electrónica da Xunta de Galicia, o convenio coa Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC) con NIF: Q6550009B, para a xestión da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA) correspondente ao



segundo semestre de 2024. O convenio na súa cláusula cuarta recolle que o financiamento será de 9.075,00 euros (NOVE MIL SETENTA E CINCO EUROS).

Desde a sinatura e realizada a programación cultural correspondente a este convenio, procedese, previa comprobación da documentación necesaria para a formalización dos contratos, á sinatura dos mesmo coas compañías para a realización das funcións nas condicións establecidas e pactadas no marco do procedemento da RGTA.

A continuación detallase a programación que o concello de Vilagarcía, ten previsto realizar no segundo semestre do 2024 así como a achega establecida (Condición 4ª do convenio):

COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	DATA	HORA	ACEHGA AGADIC	ACHEGA CONCELLO	TOTAL
ETIQUETA NEGRA PRODUCCIONES CIF-B27495431	Go Home	19/10/2024	20:00	2.359,50	2.359,50	4.719,00
CHEVERE PRODUCCIONES SL CIF-B156365517	Helen Keller, a muller marabilla?	23/11/2024	20:00	2.178,00	2.178,00	4.356,00
TOTAL				4.537,50 €	4.537,50 €	9.075,00 €

O Concello, asumirá o pago dos dereitos de autor ou calquera outro canon, arbitrios, etcétera, devengados pola celebración da representación obxecto deste contrato.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as actuacións indicadas, así como a aportación municipal.

#### **PRP2024/3445**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación da sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Asociación Cultural Musical Sociedad Filarmónica de Vilagarcía para a realización dun concerto de música da Orquestra Sinfónica de Galicia o día 10 de outubro de 2024 no Auditorio Municipal, coa aportación municipal de 3.000,00 €, con cargo á partida 334.489.

A entrada será gratuíta ata completar o aforo, sen reserva previa.

#### **PRP2024/3447**

Vista a solicitude de Dona Carmen Muñiz Soto, como Presidenta da AAMMRR Anduriña de Sobradelo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe do Socorro en Sobradelo o vindeiro día 21 de novembro de 2024:

- Actuación da Asociación Cultural A Nosa Sra. da Xunqueira por un importe de 350,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2024/3449**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a xestión, organización e execución do XXV Concurso de Debuxo Escolar e "XXVI Concurso de Fotografía Micolóxica Enrique Valdés Bermejo" por importe de 1.700€ (IVE exento) á Entidade Agrupación Micolóxica de Vilagarcía "A Cantarela", con cargo á partida 334.22799, tendo en conta

que será a cargo desta entidade, calquera tipo de taxa, imposto, sociedade xeral de autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro de espectáculos públicos y actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por dito evento.

### **PRP2024/3450**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, dáse conta á Xunta de Goberno Local do convenio de colaboración asinado coa Entidade Revenidas SC cunha subvención, por importe total de 45.000,00 € con cargo á partida 334.479, destinada a subvencionar a celebración do Festival de Revenidas 2024, para a realización do Festival os días 12, 13, 14 e 15 de setembro en Vilaxoán.

### **PRP2024/3451**

Este ano 2024 a Coral Sobradelo celebra catro décadas de vida dende a súa andadura. Esta Coral de Sobradelo, cunha traxectoria tan longa, que coa seu bó facer fan crecer o patrimonio musical, cultural e social, que levan o nome da súa parroquia alá por onde van. Dende esta Concellería de Cultura, coñecedora da relevancia desta coral, considerase importante organizar dúas actuacións, o día 5 de outubro (no Salón García) e outra o día 26 na igrexa da parroquia de Sobradelo, para que toda a veciñanza poida gozar da súas cancións con motivo do seu 40º Aniversario.

Estas actuacións serán de balde para os asistentes.

Datos Fiscais e Importe

ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL POLIFÓNICA DE SOBRADELO

C.I.F.: G36216414

Días actuacións: 05-10-2024 e 26-10-2024

Importe: 391,00€ x 2 (actuacións)= 782,00€

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto polas actuacións indicadas polo seu 40º Aniversario, por importe de 782,00€ adxudicado a ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL POLIFÓNICA DE SOBRADELO, con cargo á partida 334.22609.

Fáise constar:

- que a factura que se emita deberá ser a nome do concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal. Así mesmo indicárase no acordo que deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo, deberá incluír o logotipo do Concello de Vilagarcía, no material gráfico publicitario utilizado.
- que será a cargo do Concello de Vilagarcía de Arousa, calquera tipo de taxa, imposto, sociedade xeral de autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a lei 10/2017, de 27 de decembro de espectáculos públicos y actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por dito evento. así como Decreto 226/2022, do 22 de decembro polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas y Establecementos, en todo aquilo que puidese concernir a este evento/ actividade.

## **CONTRATACIÓN**

### **PRP2024/3433**

No ano 2023 na Fonte de Castrogudín fixéronse unha serie de actuacións subvencionadas pola Deputación de Pontevedra con cargo á subvención da Liña B das axudas para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra, para preservar un elemento etnográfico

como é, o conxunto escultórico que conforma a Fonte de Castrogudín, sita na Parroquia de San Pedro de Cea, mediante a realización de tarefas de limpeza e mínima conservación deste Ben de Interese Cultural para conservalo nas mellores condicións tanto pola súa importancia artística e patrimonial, como para poder seguir abastecendo de auga á veciñanza do lugar.

Tendo en conta o anterior a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de subministro e instalación de “Equipo para Esfera no Reloxo da Fonte de Castrogudín” á mercantil ELEMAR NOR, S.L. (B15211188) por importe de 1.822,66 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 382,76 €, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 2.205,42 €, con cargo á partida 454.213.

### **PRP2024/3435**

Na sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o 2 de maio de 2023, foi aprobado o proxecto técnico denominado “Reforma e mellora das instalacións e piscinas de Fontecarmoa”, redactado polo arquitecto don Jesús María San Vicente Domingo, cun orzamento de execución por contrata (IVE incluído) de 517.445,61€.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de outubro de 2023, adxudicouse á empresa PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. o contrato de obras denominado “Reforma e mellora das instalacións e piscinas de Fontecarmoa”, cofinanciada con cargo a fondos FEDER a través da estratexia EDUSI VILAGARCÍA AVANZA, dentro da liña de actuación denominada VLG\_A08\_GENOFER: Xeración da oferta deportiva, turística e cultural, operación: FCL01GA1813: Impulso e promoción da oferta deportiva de Vilagarcía de Arousa, por importe de 411.219,59€, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 86.356,11€, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE incluído) de 497.575,70€.

O contrato administrativo foi asinado con data 14 de novembro de 2023, cun prazo de execución de 2 meses contados a partir do día seguinte ao da firma da acta de comprobación de reformulo, que foi asinada con data 4 de decembro de 2023.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 12 de febreiro de 2024, acordou autorizar a ampliación do prazo de execución da obra de referencia por 2 meses e medio, con efectos desde o 5 de febreiro de 2024, ata o 18 de abril de 2024.

Con data 19 de abril de 2024 asinouse acta de suspensión da execución do contrato, con efectos do 18 de abril de 2024.

Consta no expediente acta de continuación das obras de data 15 de xullo de 2024.

Con data 2 de agosto de 2024 (registro de entrada nº WEB2024005413) a empresa PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. presenta solicitude de paralización do prazo de execución da obra do 10 ao 26 de agosto de 2024, asinada polo arquitecto don Jesús María San Vicente Domingo, redactor do proxecto e director de obra.

Por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 6 de maio de 2024, acordouse conceder autorización para a redacción do proxecto modificado, por importe de 641.596,23€ a prezo de adxudicación (é dicir xa aplicando o coeficiente de baixa obtido na adxudicación do contrato) o que supón un incremento do 28,94%.

Con data 20 de maio de 2024 (registro de entrada nº WEB2024003267) o arquitecto don Jesús María San Vicente Domingo, redactor do proxecto e director de obra, presenta proxecto modificado. O arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuíña, emite informe de supervisión do proxecto modificado, con data 12 de xullo de 2024, para os efectos de requirir documentación complementaria ao mesmo.

Con data 19 de xullo de 2024 (registro de entrada nº WEB2024005048) o arquitecto don Jesús María San Vicente Domingo, redactor do proxecto e director de obra, presenta a documentación requirida, relativa ao orzamento comparado entre o proxecto orixinal e o modificado. Este proxecto

modificado ten un importe de 667.217,38€, o que supón un incremento de 28,94%. Unha vez aplicada a baixa obtida na adxudicación do contrato resultan os seguintes importes, coincidentes coa autorización outorgada pola Xunta de Goberno Local:

Concepto	Importe (sen IVE)	Importe (IVE engadido)
Importe licitación	427.641,00€	517.445,61€
Importe adxudicación (baixa 3,83999972 %)	411.219,59€	497.575,70€
Importe do modificado (incremento 28,94%)	551.419,32€	667.217,38€
Importe modificado aplicada a baixa obtida na licitación	530.244,81€	641.596,22€
Aumento do importe de adxudicación como consecuencia do modificado	119.025,22€	144.020,52€

A dirección facultativa fai constar que as modificacións propostas veñen determinadas por causas técnicas imprevistas no momento da redacción do proxecto orixinal.

Nos supostos de modificación do contrato recolleitos no artigo 205, as modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para o contratista cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración que na súa contía non exceda do 20% do prezo inicial do contrato (IVE excluído). No suposto de non ser obrigatoria a mesma só será acordada polo órgano de contratación previa conformidade por escrito do mesmo, resolvéndose o contrato en caso contrario. No presente caso, a modificación supón un incremento do 28,94%, polo que é preciso contar, con carácter previo á súa aprobación, coa conformidade do contratista, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

O arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, emitiu informe favorable para a aprobación o citado modificado, con data 29 de agosto de 2024.

Conforme o informe xurídico emitido a citada modificación contractual pode ter encaixe nas contempladas no artigo 205 da LCSP.

O prezo de contrato do proxecto modificado (aplicando o coeficiente de baixa da adxudicación) ascende a 530.244,81€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 111.351,41€, o que supón un importe de 641.596,22€ (IVE incluído), é dicir, un incremento sobre o importe de adxudicación de 119.025,22€ (sen IVE), 144.020,52€ (IVE incluído).

De acordo con o establecido no artigo 109.3 da LCSP procede o reaxuste da garantía depositada polo adxudicatario do contrato, na contía correspondente ao 5% do aumento producido como consecuencia do modificado (IVE excluído).

Dado que o investimento atópase cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través da estratexia EDUSI VILAGARCÍA AVANZA (DUSI GA18) deberá darse traslado do proxecto modificado e da súa aprobación, no seu caso, ao organismo cofinanciador do investimento.

O citado modificado contempla unha ampliación do prazo de execución de 2 meses.

Debe terse en conta que a obra está financiada con fondos EDUSI, sendo o seu límite temporal o 31 de decembro de 2023, polo que debe contarse coa correspondente consignación económica para a aprobación do presente modificado.

Tendo en conta todo ou exposto e os documentos obrantes non expediente a Xunta de Goberno Local acorda aprobar, con cargo a fondos propios, o citado proxecto modificado, que supón un incremento sobre o importe de adxudicación de 144.020,52 e (IVE incluído) e a ampliación en 2 meses de prazo de execución das citadas obras.

## **PRP2024/3436**

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 15 de xullo de 2024, adxudicouse á

empresa REVCOM ENERGIAS RENOVABLES, S.L. o contrato de obras denominado “Adecuación da praza de abastos para accións de hábitos saudables e economía circular (Mercado da Verdura), Fase 1”, por un importe de: 140.054,68€ (sen IVE), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 29.411,48€, o que totaliza un importe de 169.466,16 € (IVE incluído); cofinanciado a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) - NextGeneration UE, e enmarcado no proxecto subvencionado denominado VILAGARCIA VIVA. PROYECTO DE MEJORA REVITALIZACIÓN Y RESILIENCIA DE MERCADOS TRADICIONALES Y ZONAS COMERCIADES URBANAS.

O contrato administrativo foi asinado con data 18 de xullo de 2024, cun prazo de execución de 2 meses contados a partir do día seguinte ao da firma da acta de comprobación de reformulo, que foi asinada con data 24 de xullo de 2024.

Con data 3 de setembro de 2024 (registro WEB2024006158), don BALDOMERO OTERO CASTRO, en representación da empresa adxudicataria REVCOM ENERGIAS RENOVABLES SL, solicita ampliación de prazo de execución por 15 días laborables.

O prazo de execución atópase fixado no contrato en 2 meses, a contar desde o día seguinte á data de firma da acta de comprobación de reformulo, polo que finalizaría o 25 de setembro de 2024.

A obra atópase cofinanciada con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) - NextGeneration UE, enmarcada no proxecto subvencionado denominado VILAGARCIA VIVA. PROYECTO DE MEJORA REVITALIZACIÓN Y RESILIENCIA DE MERCADOS TRADICIONALES Y ZONAS COMERCIADES URBANAS. De acordo con o establecido na Resolución da Dirección Xeral de Política Comercial do 7 de marzo de 2024, o prazo de execución dos investimentos incluídos no citado proxecto non poderá exceder do 31 de decembro de 2024; polo que de autorizarse a ampliación do prazo de execución esta non dificultaría o cumprimento dos prazos fixados para a xustificación da subvención.

Tendo en conta todo o exposto, os documentos obrantes no expediente e o informe favorable do director de obra, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a ampliación do prazo de execución do contrato por un prazo de 2 semanas (15 días laborables), ata o 16 de outubro de 2024.

#### **PRP2024/3464**

Na sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o 9 de decembro de 2021, foi aprobado o proxecto técnico denominado “Humanización dá rúa Aquilino Iglesia Alvariño”, redactado pola arquitecta Lucía Araujo Castiñeira, cun orzamento de execución por contrata (IVE incluído) de 178.755,18€.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de novembro de 2023, adxudicouse á empresa Moncosa OHS, S.A.. o contrato de obras denominado “Humanización dá rúa Aquilino Iglesia Alvariño”, cofinanciada con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022/2023.

O contrato administrativo foi asinado con data 1 de decembro de 2023, cun prazo de execución de 4 meses contados a partir do día seguinte ao da firma da acta de comprobación de reformulo, que foi asinada con data 3 de xaneiro de 2024.

Por resolución da Alcaldía do 3 de maio e do 13 de xuño de 2024, ampliouse o prazo de execución do citado contrato ata o 14 de xuño de 2024 e 14 de agosto de 2024, respectivamente. Finalmente, por acordo dá Xunta de Goberno Local do 12 de agosto de 2024 de ampliou o citado prazo de execución ata o 30 de setembro de 2024; data na que deben finalizar os investimentos financiados con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022/2023.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 4 de setembro de 2024, acordou autorizar á directora de obra, á redacción de proxecto modificado das obras antes citadas, cun incremento do 49.81%.

Con data 8 de setembro de 2024 (registro de entrada nº WEB2024006337) a arquitecta Lucía Araujo Castiñeiras, redactora do proxecto e directora de obra, presenta proxecto modificado, que foi

supervisado favorablemente, polo arquitecto municipal, o 11 de setembro de 2024.

